

# Seccións Bilingües

Co propósito de reforzar a pedagogía das linguas estranxeiras, implantamos no centro unha Sección Bilingüe na materia de Educación Artística (Plástica) en toda a Educación Primaria.

Nunha sección bilingüe unha parte da materia impártese en lingua estranxeira (inglés) co motivo principal de potenciar a oralidade e a soltura para desenvolverse nese idioma; iso si, sen interferir na axeitada aprendizaxe e comprensión dos contidos propios da materia.

Ao remate do curso o alumnado cualificado positivamente na área (Educación Artística: Plástica) obxecto da sección bilingüe recibe unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou nunha sección bilingüe, que se fará constar mediante dilixencia no seu historial académico.

Os alumnos/as amósanse moi motivados na materia e esfórzanse por comunicarse en inglés, empregando esta lingua como unha ferramenta de traballo.

A adquisición de vocabulario en inglés, propio da materia, repercute favorablemente na área de inglés.

Os alumnos/as son capaces de entender ordes de accións concretas e van adquirindo confianza na súa capacidade de comunicación.

Consideramos que é unha experiencia moi satisfactoria, na que o alumnado se adapta sen problema.

